



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

MESA TÉCNICA DE VIXILANCIA ADUANEIRA

O pasado día 13 de febreiro, a maioría da parte social, como convocantes do conflito existente coa Axencia Tributaria, solicitaron ao Departamento de RRHH a convocatoria das mesas de negociación para tratar as reivindicacións que se plantexaron co Documento de Conflito presentado o 18 de decembro de 2008. Dentro das nosas solicitudes estaba, en lugar prioritario, a convocatoria dunha Mesa Técnica de Vixilancia Aduaneira.

A estes efectos, e dada a preocupación existente dentro do colectivo do SVA, e, en especial, do persoal marítimo, informamos a todo o persoal de Vixilancia Aduaneira que a Confederación Intersindical Galega terá, mañá á tarde, en Madrid, unha reunión cos responsables do Departamento de Aduanas na que estarán tamén presentes responsables do Departamento de RRHH.

Nesta reunión transmitirémolles as queixas e preocupacións do persoal do S.V.A. e pediremos explicacións polas modificacións de postos e funcións que se están a facer nos últimos tempos na maioría das Bases Marítimas.

Se queres participar, xunto con nós, na reunión, pedísmoche que nos fagas chegar as túas queixas, escritos e peticións para que, entre todos, consigamos que o S.V.A. ocupe dentro da Axencia Tributaria o sitio que merece. Temos á vosa disposición o correo cigaeat@gmail para recoller as túas inquietudes.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

mariacarmen.ares@correo.aeat.es

WWW.CIGAEAT.COM